



## Navantia experimenta cos traballadores

Navantia elaborou a toda presa un protocolo para a reanudación da actividade, co obxectivo de garantir a seguridade dos traballadores fronte á Covid-19. Tras consensualo con algúns sindicatos, retomáronse traballos no AAOR-1, con pouco máis de 50 traballadores por quenda, ademais de seguir con certos servizos esenciais en Turbinas.

Os delegados da **CGT** están indo tódolos días á factoría. O que comprobamos é que **a realidade ten pouco que ver co protocolo**, como acontece a miúdo. **Con pouco máis de cen traballadores, hai carencias flagrantes.**

**1) Os epis escasean.** En Turbinas só quedan luvas de nitrilo de talla S. Hai outros modelos, pero non son axeitados para uso industrial.

**2) Hai máscaras, pero insuficientes,** e tanto en Navantia como na IA hai indicacións para que se reutilicen. Ademais, nalgúns casos son máscaras con válvula, que non evitan a propagación do virus.

**3) Colocáronse dispensadores de hidroxel no tornio de entrada e na planchada de saída do AAOR-1. O martes a primeira hora o da planchada estaba baleiro.**

**4) Moitas medidas saen dos propios traballadores.** En Turbinas, os compañeiros decidiron asignar unha ducha a cada persoa, para minimizar interaccións. **Aprobouse un protocolo, pero non se supervisa a súa aplicación.** Fan falta moitos máis **técnicos de prevención.**

**5) As compañías de limpeza teñen que aumentar (e moito) as plantillas,** como se acaba de demostrar. Isto debería de ser previo á


reanudación da actividade. Pero non foi así, e ó final houbo que parar a actividade porque as quendas de limpeza non estaban organizadas, Acciona non tiña protocolo... ¿Como se puido avalar sindicalmente a reactivación nestas condicións, que supoñen un risco para os traballadores?

Para a **CGT**, a situación é de **total improvisación. É inadmisibile.**

O xoves pasado, a muller dun traballador de Acciona Ferrol dou positivo. Este martes houbo un caso idéntico en Windar e tamén un traballador de Acciona Fene tivo síntomas compatibles co covid-19. Aínda que os dous primeiros compañeiros deron negativo, demóstrase que segue a haber riscos. E tamén está o problema dos asintomáticos.

O estado de alarma volveu prorrogarse. Non é problema de protocolo, é problema de que **a pandemia non rematou.**

A dirección de Navantia e os sindicatos que a avalan están a **experimentar cos traballadores.**



### ¿Todos de acordo?

A **Folla da CGT** da semana pasada tiña este encabezamento: **"Navantia non debe retomar a actividade"**. MAS e CCOO sacaron comunicados na liña oposta.

MAS confundía valentía con temeridade: **"Hai que ser valentes e ir avanzando moi pouco a pouco, reactivando a industria e o emprego nesta comarca..."**.

CCOO transmitía **"tranquilidade** á clase traballadora co **protocolo** consensuado" e manifestaba que "é necesario a volta á actividade". Noutro comunicado do día 22, CCOO di que tódolos sindicatos estivemos de acordo co protocolo. **MENTIRA.**

Xa o 25 de marzo, a **CGT** deixou moi claro nun escrito enviado ó Comité de Seguridade que non íamos avalar ningún protocolo destinado a reanudar actividades non esenciais durante o estado de alarma e así o repetimos o venres 17 no comité de emerxencia que aprobou a reactivación.

## Recuperación de horas

O día 22 celebrouse un novo intercentros onde, sorpresa sorpresa, Navantia plantexou a recuperación das horas dende o día 14.

Iso si, *nun gran xesto de xenerosidade*, amplía o prazo para a devolución até finais de 2021, xa que até o 31 de decembro deste ano, supoñendo que o confinamento remate a próxima semana, suporía ter que recuperar máis de 1 hora cada día.

¿Alguén se sorprendeu? ¿Alguén esperaba outra cousa? Pois parece que o comité intercentros si. ¿Pero que se esperaban despois

de aceptar recuperar as horas da quincena da hibernación económica?

Recuperar horas nin tiña senso antes nin o ten agora. Os traballadores estamos na casa **obrigados**. Non estamos de vacacións, estamos **confinados** e sen poder saír.

Nin os traballadores da principal debemos recuperar horas nin moito menos os das auxiliares debemos estar en ERTes ou despedidos.

Temos que **loitar todos xuntos** para impedir que nos pasen a factura de todo isto.

## O inefable

Non hai palabras para describir a Franco (a Ramón, non a Francisco, aínda que os dous andan á par no de ser **ditadores**).

¿Cal foi a última deste individuo? Obrigar ós traballadores da UTE do mantemento que non podían traballar pola situación da limpeza a permanecer na factoría.

Dada a situación sanitaria, esta actitude é unha **irresponsabilidade**. Hai que ser **mal bicho**.

A **CGT** plantexoulle o tema á dirección na reunión do comité de emerxencia deste mércores, pero nada mudou. Non se entende que Navantia non obrigase a este impresentable a mandar á xente á casa.



## Loitar contra os ERTES é loitar contra a pandemia!!

A loita do persoal de Acciona para que tódolos traballadores saian do ERTE e se lles abone o diñeiro perdido durante estas semanas, aínda que pendente de concretar, como condición para realízala limpeza, rematou cun acordo refrendado en asemblea esta mañá.

A maioría do comité de Navantia impulsou esta loita mentres deixa tirados ao resto de traballadores da industria auxiliar. E fano, sexamos claros, porque están fusionados cos intereses de Navantia e da industria auxiliar.

Se estamos nas nosas casas SEN COBRAR, COBRANDO MOITO MENOS ou sabendo que teremos que recuperar estes días de confinamento (non son vacacións!!), entón seremos os primeiros en presionar para que se reinicie a actividade. QUE É O QUE QUEREN OS EMPRESARIOS E NAVANTIA.

**Manter en casa a tódolos traballadores dende o momento da suspensión da actividade ata o verán é unha fracción dos beneficios que só neste último ano amasaron os empresarios da industria auxiliar.** Temos que levantar unha gran loita para mobilizar os beneficios empresariais en favor dos traballadores:

- Reverter todos os despedimentos realizados a partir do 1 de marzo, e pagar o 100% DOS SALARIOS con carácter retroactivo.

- Reverter todos os ERTES, PAGAR O 100% DOS SALARIOS con carácter retroactivo e devolver todo o diñeiro achegado polo Estado.

- Non á recuperación dos días de confinamento obrigatorio: NON SON VACACIONS.



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13

Correos electrónicos:  
cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas  
RRSS



**CGTNavantiaFE**